



## *Mujeres ignacianas. Textos esenciales*

José García de Castro, SJ; Nurya Martínez-Gayol, ACI, Miyako Namikawa RSCJ (eds). Mensaxeiro-Sal Terrae, Universidade Pontificia Comillas, Madrid 2023

Este libro cobre un baleiro de publicacións que era necesario emendar, o da investigación e divulgación da achega da outra metade da tradición ignaciana, que somos as mulleres. Achega a visibilidade e o recoñecemento de como desde esa matriz espiritual moitas mulleres fundadoras de congregacións femininas recrearon e puxeron palabra propia a ese 'modo de estar no mundo desde Deus'. Elas forman parte tamén desa *her-story* que hoxe reivindicamos e propoñemos desde os movementos de liberación das mulleres. Nunha igrexa urxida a reformas estruturais profundas que fagan posíbel a sinodalidade e a equidade de xénero, é importante rescatar as súas palabras esenciais e a súa confianza e ousadía ao encarnalas, como vías de aprendizaxe para nós hoxe. Trábase dun libro imprescindible de

gran axuda para poder seguir investigando e transmitindo a espiritualidade ignaciana desde a perspectiva das mulleres.

O libro non é propiamente unha obra divulgativa, pero si alcanzábel cun profundo carácter sapiencial. Engancha polos seus contidos, pero tamén pola súa pedagogía e forma de presentar os textos, pois faino a partir de palabras claves ou categorías teolóxico-espirituais que cada carisma subliña. Neste sentido ofrece a posibilidade de diversos modos de lectura segundo os intereses dos lectores. Un primeiro modo de facelo é, por suposto, a lectura lineal, pero outra é facelo segundo os capítulos que interesen a cada lector, pois no libro, aínda que ten un carácter unitario, cada capítulo en si mesmo ten autonomía propia. Unha última lec-

tura sumamente importante é a transversal a partir do índice de materias ou temáticas abordadas por cada unha das fundadoras. Pero sexa cal for o modo de acceder á súa lectura, nel imos atopar cuns textos de autoría feminina que revelan moito ‘coñecemento interno de Xesús’, moita paixón polo evanxeo, moita confianza e ousadía, moita resiliencia, moita liberdade feminina, e tamén moito amor á igrexa e aos pobres, como vicarios de Cristo. Todo iso e moito máis é o que elas expresan nos seus textos esenciais, nas súas palabras orixinais que balbucen a súa experiencia fundante.

Tamén imos atopar no libro uns Apéndices e Complementos que o enriquecen enormemente. Entre eles destaco as achegas de Elías Royon, que fai o prólogo, e Dolores Aleixandre, autora do epílogo xa mencionado, e un artigo imprescindible na investigación sobre espiritualidade ignaciana feminina como é o de Jeanne de Charry, relixiosa do Sacro Corazón, sobre os institutos ligados á Compañía de Xesús no mundo, actualmente máis de 240. De destacar nestes apéndices é

tamén a presentación dunha bibliografía moi completa que recolle as publicacións máis relevantes sobre espiritualidade ignaciana feminina, de grande axuda para o estudo e a investigación. Xunto a ela, unha cronoloxía que nos permite facer conexións moi interesantes entre as diversas fundadoras, especialmente nos séculos XIX e XX, nos que a espiritualidade ignaciana empoderou a moitas mulleres no compromiso social, desde a súa dimensión crente. Moitas delas foron fundadoras de congregacións. Desde 1815 a 1976 fundáronse 209 congregacións femininas de espiritualidade ignaciana. No libro recóllense textos de 15 delas. Tamén algo que imos atopar no libro son algúns textos oracionais relevantes de cada unha das fundadoras xunto aos seus retratos, realizados pola pintora Isabel Alonso Valdés, que nos axudan a poñer rostro de muller e rostro histórico a eses textos. Por último, algo importantísimo que ofrece o libro é un índice de materias a partir de temáticas que nos interese ler nas autoras de forma transversal, categorías como ‘muller, pobres, comunión, inculturación, liberdade’.

Outro aspecto que destacar é a tripla novidade que representa. A primeira delas é que ‘rompe coa ablación da memoria’ das mulleres na igrexa e recupera xenealoxías femininas a partir dos seus textos, aínda insuficientemente coñecidas, tanto elas como os seus textos. Desde algunhas das primeiras mulleres que acompañou Ignacio de Loyola na súa etapa como Peregrino en Manresa, e que o sostiveron en momentos difíciles, pasando ás que desexaron ser xesuítas e mesmo se ofreceron a ir ás Indias coa Compañía de Xesús sen conseguilo (Juana de Cardona ou Teresa Oluja), ás que o foron moi temporalmente ‘xesuítas’ como unha experiencia que se viu frustrada moi pronto (Isabel Roser) ou ás que o conseguiron de forma clandestina e usando un nome de home no interior mesmo da compañía, coma Juana de Austria ou Mateo Sánchez, irmá de Felipe II.

Esta xenealoxía entronca á súa vez, no que constitúe a parte fundamental do libro, coas fundadoras de espiritualidade ignaciana. Desde as primeiras delas como Xoana de Lestonnac (1556-1640), fundadora da Orde

da Compañía de María, e Mary Ward (1585-1645), fundadora de *Congregatio Iesu* e do Instituto da Benaventurada Virxe María, ata as dúas últimas María Jesús Herruzo Martos (1896-1965), fundadora das Obreiras do Corazón de Xesús e Rosario Vilallonga Lacave (1911-1991), fundadora da Institución Benéfica do Sacro Corazón de Xesús. Así o libro vai percorrendo a experiencia de Deus destas mulleres, que como sinala Dolores Aleixandre no epílogo, embelecen a igrexa e fan desde a intensidade do seu desexo, a totalidade da súa entrega, a súa experiencia de intimidade, a súa linguaxe relacional e a anchura do seu horizonte apostólico no seu compromiso nas fronteiras da igrexa e do mundo como compañeiras de Xesús.

A segunda novidade que achega é que nos introduce no misterio de amor, dignidade e comunión que estas mulleres descubren desde o máis profundo de si mesmas, o que as leva a recoñecelo de igual modo na humanidade máis ferida e vulnerada, e a tentar de poñer a esta experiencia a singularidade da súa palabra como mulleres. Coido que este aspecto é funda-

mental porque a experiencia de Deus pide ser balbucida, ‘empa-labrada’, e iso non se fai en neutro, senón que pasa tamén pola experiencia sexuada.

Por último, a terceira novidade que achega é ‘o modo de proceder’ na súa edición e escritura: A forma coral con que se fixo. Un traballo coral na edición: Nurya Martínez Gayol, Miyako Namikawa, José de Castro, pero coral tamén na elaboración dos capítulos: 20 fundadoras e 20 autoras, e nalgúns casos unha autoría colectiva nos propios capítulos.

En definitiva, un libro imprescindíbel para as persoas interesadas en profundar na historia da espiritualidade, en concreto da feminina e de forma particular na espiritualidade ignaciana, xa sexa desde o estudo ou o acompañamento desde a formación. Tamén para as persoas que queiran orar con textos de mulleres, pois neste sentido tamén ten achegas de grande interese e profundidade.

**Pepa Torres Pérez**  
Rede Miriam de  
Espiritualidade Ignaciana  
Feminina